

26 // proPostas

# Ceci n'est pas un dictionnaire

Ensaio Unha obra que é máis ensaio crítico que dicionario

isto non é un dicionario e eu confío no bo criterio de *ProTexta* para que maqueten esta recensión nas páxinas de ensaio. Non hai que repetir que internet e a súa lóxica nos modificaron cognitivamente para que, se queremos saber quen é alguén, non vaíamos en primeiro lugar consultar nun libro. Este *Diccionario de surrealismo e surrealistas* de Xesús González Gómez é, pola contra, un ensaio crítico sobre o movemento surrealista que atopou no disfrace de dicionario o mellor recurso para achegarse ao seu contido, na medida en que fala sobre este sempre do particular ao xeral, como os surrealistas quererían. Acaso a coherencia de forma e contido sexa a potencia principal do libro e o motivo principal para dar a razón ao seu autor en que non se trata tanto dun dicionario de *surrealismo* senón dun dicionario *surrealista* (non se desorienten: os propósitos da obra non están na presentación que abre o libro senón na voz “dicionario”).


Así, o interesante deste traballo é que admite múltiples lecturas (todos os libros as admiten, pero poucos as explicitan). Mesmo se perfectamente se pode ler enteiro, o que sería bastante estúpido nun auténtico dicionario, comezar na

**Diccionario de surrealismo e surrealistas** · Xesús González · Edicións A Nosa Terra, 2010 · 468 páx · 28 euros



primeira páxina e rematar na última é apenas unha das posibilidades, e seguramente non das máis eficaces. Entendo que a lectura máis produtiva é a que parte dunha entrada calquera seleccionada por non importa que método, que ben podería ser, con toda lexitimidade, o azar, e de aí vai saltando ao resto das entradas mediante o sistema intertextual que o libro leva incorporado (e que é absolutamente necesario xa que, ante a ausencia de índice, non hai outro xeito de orientarse polas entradas temáticas: que vaia haber unha entrada “nai” ou unha entrada “barricada” non se pode saber apriori, evidentemente).

A presenza destas entradas temáticas, mesturadas entre as máis numerosas, que se refiren directamente a autores ou a institucións dá en certa medida a clave do duplo contido do dicionario: surrealismo e surrealistas. Cabería pensar que destes dan conta as entradas autorais e



*Paxaro antigo*, 1990 // Eugenio Granell

daquel as temáticas. É así só até certo punto: as temáticas teñen unha transversalidade maior no tempo e no espazo, pero as entradas que se refiren a autores concretos tampouco se limitan a explicar quen son estes señores ou, en moitísima menor medida, señoras. Cada entrada é un artigo no que González Gómez contribúe para unha teoría crítica do movemento surrealista, e así, mesmo cando se supón que vai falar

apenas dun autor e as súas cousas, fala, en realidade, dunha dimensión do movemento para a que ese autor concreto foi relevante, sempre en comparación con outros eventos, como o que pasaba en Galiza na altura; se ben é certo que esta profundidade crítica por momentos choca co formato (físico) de dicionario: a sintaxe non é doada de seu, imaxinen canto pode ocupar unha frase en columnas estreitas. Agradécese

así e todo que a implicación afectiva da voz autorial respecto do surrealismo non leve parella unha mistificación deste. Todo o contrario: a dimensión de *movemento* concreto, definido, acompaña toda a lectura como un antídoto contra a tentación de pensar que son surrealistas os debuxos que facemos mentres falamos por teléfono ou que a policía nos pida a documentación na porta da casa. // Samuel Solleiro